

INMACULADA CONCEPCIÓN DA VIRXE MARÍA

Solemnidade - Día 8 de decembro

PRIMEIRA LECTURA Xén 3, 9-15. 20

LECTURA DO LIBRO DA XÉNESE

Poño hostilidade entre a túa liñaxe e a liñaxe da muller

Despois de que Adán comeu da árbore, o Señor Deus chamou por el, preguntándolle: - Onde estás? El respondeulle: - Oínte no xardín e, como me vin espido, tiven medo e agacheime.

Preguntoulle o Señor Deus: - Quen te informou de que estabas espido? É que comiches da árbore da que che prohibira comer? Respondeulle Adán: - A muller que me deches por compañeira, ela ofreceume do froito, e comín. O Señor díxolle á muller: - Que é o que fixeches?

E a muller respondeu: - A serpe enganoume, e comín. Entón o Señor Deus díxolle á serpe: - Porque fixeches isto, maldita sexas entre os animais e as feras todas do monte. Andarás arrastrada e comerás po toda a túa vida. Poño hostilidade entre ti e a muller, entre a túa liñaxe e a súa liñaxe; esta esmagarache a cabeza e ti tentarás atinxirle o calcañar. O home chamou Eva á súa muller, pois vén ser a nai de todos os que viven.

SALMO RESPONSORIAL Sal 97, 1. 2-3ab. 3bc-4

R/. (1a): Cantádelle ao Señor un cántico novo, pois fixo marabillas.

Cantade ao Señor un cántico novo,
pois fixo marabillas;
a súa destra deulle a vitoria,
o seu brazo santo.

O Señor dá a coñecer a súa vitoria,
revela a súa xustiza ante os pobos.
Lembrou a súa misericordia e a súa fidelidade
coa casa de Israel.

Os confíns todos da terra percibiron
a vitoria do noso Deus.
Aclama o Señor, terra enteira,
rompede a cantar e a tocar.

SEGUNDA LECTURA Ef 1, 3-6. 11-12

LECTURA DA CARTA DO APÓSTOLO SAN PAULO AOS EFESIOS

Deus escolleunos en Cristo antes da constitución do mundo

Bendito sexa Deus, o Pai do noso Señor Xesús Cristo, que nos bendiciu con toda bendición espiritual nos ceos, en Cristo.

Nel escolleunos, antes da creación do mundo, para que fosemos santos e sen mancha na súa presenza polo amor.

El predestinouos a sermos seus fillos adoptivos, por medio de Xesús Cristo, conforme o designio da súa vontade, para loanza da súa gloria e da súa graza, que xenerosamente derramou sobre nós, por medio do seu Fillo benquerido.

Nel fomos tamén nós preelixidos segundo o designio de quen realiza todo consonte o proxecto da súa vontade, para sermos loanza da súa gloria os que xa antes tiñamos a esperanza en Cristo.

ALELUIA cf Lc 1, 28

Se non se canta, pódese omitir

Aleluia, aleluia. Alégrate, María, chea de graza, o Señor está contigo, bendita es ti entre todas as mulleres. Aleluia.

EVANXEO Lc 1, 26-38

LECTURA DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Alégrate, chea de graza, o Señor está contigo

Naquel tempo, Deus mandou o anxo Gabriel a unha cidade de Galilea, chamada Nazaret, onde unha virxe prometida a un home da casa de David, que se chamaba Xosé. O nome da virxe era María.

O anxo entrou onde estaba ela, e díxolle: - Alégrate, chea de graza, o Señor está contigo. Ela turbouse con estas palabras e cavilaba no que podería significar o saúdo aquel. Díxolle entón o anxo: - Non teñas medo, María, porque acadaches graza ante Deus. Velaquí que vas concibir no teu ventre e dar a luz un fillo, ao que lle poñerás de nome Xesús. El será grande e chamarase Fillo do Altísimo, e o Señor Deus daralle o trono de David, seu pai; reinará por sempre na casa de Xacob, e o seu reinado non terá fin.

Díxolle María ao anxo: - Como vai acontecer iso, pois eu non coñezo varón? O anxo respondeulle: - O Espírito Santo ha de baixar sobre ti, e o poder do Altísimo hate de cubrir coa súa sombra; por iso o que vai nacer de ti será santo e chamarase Fillo de Deus.

Aí tes a túa curmá Sabela, que concibiu un fillo na súa vellez, e xa está de seis meses a que chamaban estéril, que para Deus non hai imposibles. Entón María dixo: - Velaquí a escrava do Señor, cúmprase en min o que dixeches. E o anxo marchou de onde ela.